

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

10082 *ORDE PRE/1764/2006, do 5 de xuño, pola que se modifica o anexo A do Real decreto 49/1993, do 15 de xaneiro, relativo aos controis veterinarios aplicables nos intercambios intracomunitarios nos produtos de orixe animal. («BOE» 135, do 7-6-2006.)*

A Directiva 89/662/CEE do Consello, do 11 de decembro de 1989, relativa aos controis veterinarios aplicables nos intercambios intracomunitarios con vistas á realización do mercado interior, ten como obxectivo final limitar os controis veterinarios ao lugar de partida mediante a harmonización das exigencias esenciais dos controis para garantir a protección da saúde pública e animal, que ata a data se efectuaban nas fronteiras, abranguendo o conxunto das mercadorías que posuían e reunían requisitos veterinarios.

O Real decreto 49/1993, do 15 de xaneiro, relativo aos controis veterinarios aplicables nos intercambios intracomunitarios nos produtos de orixe animal, incorporou ao dereito interno a Directiva 89/662/CEE do Consello, do 11 de decembro de 1989.

Esta Directiva foi modificada pola Directiva 2004/41/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de abril de 2004, pola que se derrogan determinadas directivas que establecen as condicións de hixiene dos produtos alimenticios e as condicións sanitarias para a produción e comercialización de determinados produtos de orixe animal destinados ao consumo humano e se modifican as directivas 89/662/CEE e 92/118/CEE do Consello e a Decisión 95/408/CE do Consello.

Mediante esta disposición incorpórase parcialmente ao noso ordenamento xurídico a Directiva 2004/41/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de abril de 2004.

Na súa tramitación foron oídos os sectores afectados, consultadas as comunidades autónomas e emitiu informe preceptivo a Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria.

Esta orde dítase ao abeiro do disposto na disposición derradeira primeira do Real decreto 49/1993, do 15 de xaneiro.

Na súa virtude, por proposta das ministras de Sanidade e Consumo e de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo único. *Modificación do anexo A do Real decreto 49/1993, do 15 de xaneiro.*

O anexo A do Real decreto 49/1993, do 15 de xaneiro, relativo aos controis veterinarios aplicables nos intercambios intracomunitarios nos produtos de orixe animal, substitúese polo seguinte:

«ANEXO A

CAPÍTULO I

Real decreto 1976/2004, do 1 de outubro, polo que se establecen as normas zoonitarias aplicables á produción, transformación, distribución e introdución dos produtos de orixe animal destinados ao consumo humano.

Regulamento (CE) n.º 853/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, polo que se establecen normas específicas de hixiene dos alimentos de orixe animal.

CAPÍTULO II

Real decreto 2551/1994, do 29 de decembro, polo que se establecen as condicións de sanidade animal e sanitarias aplicables aos intercambios e importacións de produtos non sometidos, con respecto a estas condicións, ás normas específicas no capítulo I do anexo A do Real decreto 49/1993, do 15 de xaneiro, e, polo que se refire aos axentes patóxenos, no Real decreto 1316/1992, do 30 de outubro.

Regulamento (CE) n.º 1774/2002 do Parlamento Europeo e do Consello, do 3 de outubro de 2002, polo que se establecen as normas sanitarias aplicables aos subprodutos animais non destinados ao consumo humano, e Real decreto 1429/2003, do 21 de novembro, polo que se regulan as condicións de aplicación da normativa comunitaria en materia de subprodutos de orixe animal non destinados ao consumo humano.»

Disposición derradeira primeira. *Habilitación normativa.*

Esta orde dítase de conformidade co establecido na disposición derradeira primeira do Real decreto 49/1993, do 15 de xaneiro.

Disposición derradeira segunda. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante esta orde incorpóranse ao dereito español os artigos 6 e 8 da Directiva 2004/41/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de abril de 2004, pola que se derrogan determinadas directivas que establecen as condicións de hixiene dos produtos alimenticios e as condicións sanitarias para a produción e comercialización de determinados produtos de orixe animal destinados ao consumo humano e se modifican as directivas 89/662/CEE e 92/118/CEE do Consello e a Decisión 95/408/CE do Consello.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 5 de xuño de 2006.—A vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia, María Teresa Fernández de la Vega Sanz.

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

10202 *REAL DECRETO 638/2006, do 26 de maio, polo que se modifica o Real decreto 1048/2003, do 1 de agosto, sobre ordenación do sector pesqueiro e axudas estruturais. («BOE» 136, do 8-6-2006.)*

O Regulamento (CE) n.º 2371/2002 do Consello, do 20 de decembro de 2002, sobre a conservación e explotación sustentable dos recursos pesqueiros en virtude da política pesqueira común, establece no seu artigo 13 o réxime de entradas e saídas da frota para reducir a capacidade total da frota pesqueira comunitaria.

Por outra parte, o Real decreto 1048/2003, do 1 de agosto, sobre ordenación do sector pesqueiro e axudas